

BASES CAMPAMENTO DE NADAL

O Concello do Rosal organiza o Campamento de Nadal co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral a través de actividades educativas e lúdicas coas que dinamizar o tempo libre tras rematar o período lectivo.

DESTINATARIOS/AS

Este campamento está orientado a nenos e nenas matriculados en 4º, 5º ou 6º de Educación Infantil ou Educación Primaria neste curso escolar con desenvolvemento típico, diversidade funcional ou necesidades específicas de atención educativa que reúnan os seguintes requisitos:

- Empadroados/as no Rosal (comprobarase que os menores inscritos/as están empadroados no concello)
- Non empadroados/as no Rosal pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe ou posúa un negocio no Rosal.

DURACIÓN E HORARIO

O campamento desenvolverase os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro e 2, 3 e 7 de xaneiro de 8:45 a 14 :15 horas.

PREZO: O campamento de nadal é gratuito.

NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O número de prazas ofertadas son 25 reservándose 4 prazas para nenos que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía.

A actividade desenvolverase en instalacións municipais.

INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dende ás 8.00 horas do 25 de novembro ata as 14 horas do día 11 de decembro.

As solicitudes recolleranse por Rexistro de Entrada no Concello do Rosal ou por Sede Electrónica do concello xunto coa seguinte documentación:

- Solicitud de participación.
- Autorización recollida menor.
- Cuestionario saúde e autonomía persoal. Toda documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias,...) que sexa precisa coñecer para o bo desenvolvemento da actividade deberá reflexarse no cuestionario.



- Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/titora do/a menor
- Fotocopia do libro de familia
- Copia dos contratos de traballo ou certificado vida laboral ou certificado da empresa. No seu defecto declaración xurada do pai/nai/ titor/titora do/a menor indicando empresa e tempo de duración do traballo
- No caso de familia monoparental, documentación oficial acreditativa da súa situación
- No caso de familia numerosa, título de familia numerosa

BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES

A puntuación por cada unha destas circunstancias, debidamente acreditadas, será a seguinte: • Por traballo de ambos membros da parella ou titores legais: 2 puntos.

- Por traballo dun dos membros ou titores: 1 punto.
- Por pertencer a familia monoparental: 2 puntos.
- Por pertencer a familia numerosa: 2 puntos.

A máxima puntuación será de 5 puntos.

SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

O Concello do Rosal reservará 4 prazas, das 21 disponibles, para nenos e nenas que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía.

No caso de que se superen o número de prazas ofertadas valoraranse os seguintes aspectos:

- Pai /nai / titor / titora do/a menor estean traballando.
- Pertencer a unha familia monoparental
- Pertencer a familia numerosa

No caso de empate entre varias solicitudes a adxudicación das prazas farase por sorteo.

ADMISIÓN PARTICIPANTES

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, ditarase unha resolución na que se admitirá ás persoas candidatas que presentasen a documentación anterior correctamente e excluirá provisionalmente ós/ás candidatos/as que non o fixeran, concedéndoselles un prazo doutros dous días hábiles para subsanar os erros ou defectos que houbera (Listaxe provisional).

Posteriormente, elaborárase unha nova lista coas persoas definitivamente admitidas e excluídas (Listaxe definitiva).

Estas listaxes, así como todo o relacionado coas presentes bases publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal (orosol.sedelectronica.es).



ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS. ASISTENCIA. NORMAS.

O Concello elaborará unha listaxe de adxudicatarios/as das prazas así como unha listaxe de reserva. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo orde numérica.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

Os participantes do campamento que non acaten as normas de convivencia, educación e respetos polo material e/ou compañeiros e monitores poderán ser expulsados.

O Rosal, novembro de 2019.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

